sa, para que poidan examina-lo expediente e formula-los recursos que estimen procedentes."

Este anuncio servirá de notificación individual, ó abeiro do art. 20.4 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, ós propietarios descoñecidos ou dos que se ignore o lugar de notificación, ou ben, tramitada esta non se pudiese practicar.

Contra o presente acordo de necesidade de ocupación, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interponer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación individual deste acordo ou da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia nos supostos contemplados no art. 20.4 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, ó abeiro do art. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, ou poderá interponerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación ou publicación no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 3ª), ó abeiro do art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Meaño, 28 de setembro de 2004.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. 8587

* * *

## VILABOA

EDICTO

Por don José Rosales Regueira, en representación de Acimut Norte S.L., solicítase licencia municipal para "Club social para fondeadero en San Adrián (Santradán).

En cumprimento do preceptuado no artigo 30.2, apartado a), do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, do 30 de novembro de 1961, en relación co artigo 86 Lei 30/1992, de bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sométese a información pública polo prazo de vinte días, contados a partir do seguinte o da inserción do anuncio no Boletín Oficial da provincia, para que poidan formularse reclamacións ou alegacións, individuais ou colectivas, tanto de oposición como de modificación ou rectificación.

O expediente pódese consultar durante as horas de oficina na Secretaría do Concello.

Vilaboa, a 30 de setembro de 2004.—O Alcalde, J. Luis Poceiro Martínez. 8778

## PONTEAREAS

ANUNCIO

A Corporación Municipal en sesión levada a cabo con data 30 de setembro de 2.004, acordou aprobar definitivamente a seguinte Ordenanza, o que se fai público aos efectos da sua entrada en vigor, de conformidade cos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril:

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA A CELEBRACIÓN DE VODAS CIVÍS

I.—FUNDAMENTO E NATUREZA:

*Artigo 1º.*—En uso das facultades contidas no artigo 106 da Lei 7/85, Lei de Bases de Réximen Local, e nos artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, acordase a imposición e ordenación da taxa pola utlización de locais municipais para a celebración de matrimonios civis.

II.—FEITO IMPOÑIBLE:

*Artigo 2º.*—Constitúe o feito impoñible da taxa a utulización de locais municipais co motivo da celebración de matrimonios civís no Concello.

III.—SUXEITOS PASIVOS:

*Artigo 3º.*—Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas usuarias dos locais municipais, entendéndose por tales, os contraentes que quedan obrigados solidariamente.

IV.—EXENCIONAS E BONIFICACIÓNS

*Artigo 4º.*—Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións e bonificación na taxa regulada nesta ordenanza fiscal.

V.—DEVENGO:

*Artigo 5º.*—Se devenga a taxa e nace a obriga de contribuír no momento en que se solicita a celebración dun matrimonio civil en locais municipais do Concello, entendéndos por tal inicio, a recepción da solicitude no rexistro xeral deste Concello.

No suposto de que con posterioridade a presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen da celebración da mesma, procederase a devolución do 50% do importe sinalado no artigo 6º de esta ordenanza, sempre que se comunique o Concello , con unha anticipación mínima de 48 horas do día fixado para a celebración do matrimonio, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción.

VI.—COTA TRIBUTARIA:

*Artigo 6º*.—Corresponderá aboar pola utilización dos locais municipais para a celebración das vodas:

— Por matrimonios civís celebrados nas dependencias do Concello: 60 euros.

— Por matrimonios civís celebrados no Castelo: 90 euros.

VII.—RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO:

*Artigo 7º*.—A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O ingreso da taxa efectuarase xunto coa solicitude, non tramitándose ningunha solicitude na que non se acredite, previamente, o pago da taxa.

VIII.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

*Artigo 8º*.—Para todo o relativo a infraccións tributarias así como a súa calificación e as sancións procedentes estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria, na Lei de dereitos e garantías dos contribuíntes e na restante normativa de aplicación.

XIX.—ENTRADA EN VIGOR

*Artigo 9º* .—Esta Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 30 de setembro de 2004, entrando en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ponteareas, 1 de outubro de 2004.—O Alcalde, Salvador González Solla. 8658

* * *

## A ILLA DE AROUSA

### A N U N C I O

RELACIÓN DE CONTRIBUINTES QUE SE CITAN PARA SER NOTIFICADOS POR COMPARECENCIA

De conformidade co disposto no artigo 105.6 da Lei 230/93, do 28 de decembro, Xeral Tributaria, segundo a redacción do artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e intentándose a notificación ós interesados sen que fose posible practicala por causas non imputalbes ó Concello de A Illa de Arousa, comunícaselles a través deste anuncio, que se atopan pendentes de notifica-lo acto no que os interesados, número, expediente e procedemento se relacionan a seguir:

**CONCEPTO: INFRACCIÓN Ó CÓDIGO DE CIRCULACIÓN**

En virtude do anterior, dispoño que o suxeito pasivo, obrigado tributario indicado con anterioridade ou o seus representantes debidamente acreditados, deberá comparecer no prazo de dez días, contados dende o seguinte á publicación da presente resolución no BOP, de luns a venres, de 9 a 14 horas, nas oficinas do Concello de A Illa de Arousa, sitas na rúa Palmeira nº 25, para os efectos de practicarlle a notificación do devandito acto.

Así mesmo, advírtiselle ó interesado que non comparezca no prazo citado que a notificación se entenderá practicada para tódolos efectos legais dende o día seguinte ó vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Illa de Arousa, 11 de outubro de 2004.—O Alcalde-Presidente, ilexible. 8843

| Nº liquidación | Denunciado | DNI | Domicilio |
|---|---|---|---|
| 2004212 | ALCAZAR MARTINEZ DOMINGO | 00820114 | DR MAYORAL, 8/, 2-19001 GUADALAJARA |
| 2004695 | ALMACENES REBOREDA SL | B36709657 | ECUADOR, 45-36203 VIGO |
| 2004722 | ALVAREZ BLANCO IRENE | 35970618 | CÑO RADOMEIRA, 17-P BJ VOLTA-36392 SAIANS (VIGO) |
| 2004707 | ALVAREZ GROBA HERMINIO | 53172927 | MENENDEZ PELAYO, 20, 1º C-36211 VIGO |
| 2004798 | ANTONAYA LIEBANA JUAN | 26743556 | SAN MARCOS, 35-23220 VILCHES (J) |
| 2004652 | ARAUJO POUTAS M GLORIA B | 36023759 | FONTE DO BISPO, 1, 5 J-32003 OURENSE |
| 2004778 | ARCOS MORENO MIGUEL ANGEL | 72722419 | PINTORERIA, 43, 4º I-01001 VITORIA GASTEIZ |
| 2004257 | ARREDONDO AGUIRRE JOSE LUIS | 13694036 | ANDIKOETXE, 15 BJ DCH-48990 GETXO (VIZCAYA) |
| 2004766 | BAÑOS FOJO RICARDO MIGUEL | 33278215 | PZ JOSE ANTONIO, 6, 7º B-15701 SANTIAGO |
| 2004412 | BARCIA PAZOS EULOGO | 52497470 | URB ALAMOS, 48-15174STA Mª DE RUTIS (CULLEREDO) |
| 2004721 | BAUTISTA PORTO OLGA | 76895307 | AVD CASTELAO, 23, P 1, 2 B-36860 PONTEAREAS |